

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E O CONCELLO DE O PINO PARA O ACONDICIONAMENTO DO ACCESO Á PARADA DO AUTOBÚS INTERURBANO EN SANTISO (CASTROFEITO), TERMO MUNICIPAL DE O PINO.

A Xunta de Galicia desenvolveu unha estratexia de mobilidade sostible que ten como un dos seus obxectivos o fomento dos desprazamentos non motorizados nos ámbitos urbanos e metropolitanos. Neste sentido propoñense melloras nos accesos e na seguridade das paradas de autobús, especialmente en zonas interurbanas. A Estratexia Galega de Mobilidade foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 6 de maio de 2024.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de mobilidade sostible e infraestruturas de transporte.

Antecedentes: A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asinou o 7 de novembro de 2025 un Convenio de Colaboración co Concello de O Pino para o acceso á parada do autobús interurbano en Santiso (Castrofeito), termo municipal de O Pino.

Finalidade: Para os efectos sinalados, formalizouse co Concello de O Pino o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de O Pino, que permitan a este concello licitar, adxudicar e executar as obras para o acondicionamento do acceso á parada do autobús interurbano en Santiso (Castrofeito) no termo municipal de O Pino.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte: Os convenios entre administracións públicas e entidades sociais constitúen un mecanismo adecuado para desenvolver a cooperación en materias de interese común, tal e como establece o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Aplicación orzamentaria e importe: O orzamento necesario para a execución das actuacións obxecto do convenio estimase en 21.480,89€ (IVE incluído).





A operación será cofinanciada por ambas administracións nos porcentaxes que se indican a continuación:

° 80% do orzamento base da licitación das obras, IVE incluído, será financiado con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo á aplicación orzamentaria 05.08.512A.7600 (2016 00296) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025.: 17.184,71 €.

° 20% do orzamento base da licitación das obras, IVE incluído, será financiado polo Concello de O Pino: 4.296,18 €.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Mobilidade

Judit Fontela Baró

